

Elabora un mapa conceptual describindo os elementos da ideoloxía fascista, o contexto social e político no que medraron e os apoios que recibiron. Utiliza a información que xuntamos.

5

O FASCISMO ITALIANO



O réxime totalitario

- Subordinación do individuo.
- Carencia de dereitos civís.
- Supresión do Parlamento.
- Represión da oposición.

O nacionalismo

- Militarismo.
- Imperialismo.
- Racismo.

O control da vida económica

- Obxectivos de produción.
- Traballadores en corporacións.

O dominio das elites e o culto ao líder

- Partido único.
- Concentración do poder.

Características dos sistemas fascistas.

5.1. Os movementos fascistas

Un dos fenómenos máis significativos da Europa de entre-guerras é a aparición de movementos fascistas. O **fascismo é unha ideoloxía totalitaria de dereitas**, que xurdiu como reacción á crise económica e ao temor da burguesía polo auxe do movemento obreiro.

Os partidos fascistas xurdiron en toda Europa, pero só nalgúns países alcanzaron o poder e estableceron a súa ditadura. Os Estados fascistas máis caracterizados foron o **réxime de Mussolini en Italia, a Alemaña nazi e, máis tarde, o franquismo en España**.

5.2. Os Estados fascistas

Entre as características máis destacadas dos sistemas fascistas destacan:

- **O réxime totalitario**, no que os individuos se subordinan completamente ao interese do Estado, e no que os principais dereitos civís desaparecen. Elimínase a oposición, suprímese o Parlamento e déixanse de convocar eleccións, ou fálseanse os seus resultados. Suprímese igualmente a liberdade de opinión e a prensa crítica. A represión de calquera xeito de protesta adquire caracteres extremadamente violentos.
- **O nacionalismo**. O fascismo exalta o sentimento patriótico e a noción da superioridade da nación sobre as demais. Esa exaltación vai unida ao **militarismo** e aos valores que implica: orde, obediencia cega, culto á violencia. Conectado ao nacionalismo está tamén o **imperialismo** e a doutrina do espazo vital: a nación necesita máis territorios para garantir o seu desenvolvemento. En casos extremos, esta doutrina deriva no **racismo**, como ocorreu na Alemaña nazi.
- **O control da vida económica**. Os estados fascistas intentan controlala e encauzala pero respectando e protexendo os intereses do capital. Impóñense **obxectivos de produción**, especialmente para a industria armamentística, pero ao mesmo tempo garántese aos industriais e aos banqueiros a posibilidade de obter enormes beneficios.


Para conseguilo, os Estados fascistas eliminaron os sindicatos e estableceron **organizacións corporativas** nas que se obrigaba a encadrarse a traballadores e empresarios baixo control do Estado, co fin de garantir a ausencia de calquera xeito de protesta laboral.

- **O dominio das elites e o culto ao líder**. O fascismo defende que o goberno debe ser exercido por unha elite, a que forma e dirixe o partido. De feito, o partido chégase a confundir co Estado, e as súas organizacións chegan a exercer funcións que, nos sistemas democráticos, corresponden ás institucións públicas. Ao mesmo tempo desenvólvese o culto ao líder, convertido nun ser mítico, infalible e benfeitor. A súa imaxe está en todas partes, as súas aparicións e discursos publícanse en prensa e retransmítense pola radio. Son frecuentes os desfiles e os actos multitudinarios nos que o momento culminante é a aparición do líder.

5.3. A orixe do fascismo italiano

O fascismo italiano xurdiu no contexto da posguerra, entre 1919 e 1922. As súas raíces hai que buscalas en varios factores:

- A frustración que produciu no país o **rexeitamento nos tratados ás reivindicacións territoriais** polas que Italia entrara en guerra.
- **A existencia de miles de veteranos de guerra** que non querían renunciar aos valores e formas de vida adquiridos na fronte.
- **A grave crise económica** tras o conflito: a enorme débeda de guerra, a inflación, a crise das industrias de guerra e a caída dos prezos agrícolas.
- **Os movementos revolucionarios de 1920**, que levaron aos campesiños e obreiros a ocupar terras e fábricas, sobre todo no norte, e que empuxaron aos propietarios a apoiar aos grupos fascistas.



O *duce* Mussolini con dous membros do seu partido.

5.4. Benito Mussolini e o partido fascista

Mussolini* pertenceu inicialmente ao Partido Socialista, e chegou a dirixir o seu periódico, *Avanti*. Pero en 1915 aliñouse cos que defendían a entrada de Italia en guerra, polo que tivo que abandonar o partido.

Ao rematar a guerra creou a súa propia organización, os **Fasci di Combattimento**. O seu programa inicial incluía algunhas ideas aparentemente revolucionarias, pero rapidamente comezaron a enfrontarse aos socialistas e comunistas. Pronto, a ideoloxía do partido adquiriu uns ideais inequivocamente totalitarios.

Os *camisas negras*, cada vez mellor organizados e numerosos, comezaron a recibir o apoio dos propietarios e das clases medias, que temían a chegada dunha revolución semellante á de Rusia. O goberno liberal non fixo nada por conter os enfrontamentos violentos nas rúas e o auxe das bandas fascistas.

En outubro de 1922, finalmente, os fascistas organizaron a **Marcha sobre Roma**, co fin de tomar o poder pola forza. O rei Vitor Manuel negouse a enviar ao exército a detelos, e optou por nomear a Mussolini xefe de goberno.

5.5. A organización do Estado fascista

Nunha primeira etapa, Mussolini gobernou con ministros liberais e un programa moderado. Pero en 1924, cunha nova lei electoral feita á medida do partido, e tras unha campaña chea de ataques violentos contra os partidos de esquerda, os fascistas acaparon a maior parte dos escaños no Parlamento.

En xullo dese ano o líder socialista Matteoti, que denunciara as irregularidades na Cámara, foi secuestrado e asasinado polos fascistas. O escándalo que se produciu rematou coa retirada do Parlamento de toda a oposición.

En 1925, Mussolini suprimiu as cámaras e comezou a implantar a súa ditadura. Elimináronse os partidos de oposición e os sindicatos de clase, pecháronse os periódicos e encadeouse aos dirixentes obreiros. Toda a vida pública do país quedou baixo o control do partido fascista.

Fascismo e Estado

Nin agrupacións nin individuos fóra do Estado. O fascismo é oposto ao socialismo, que reduce a historia á loita de clases e que ignora a unidade do Estado... Polas mesmas razóns, o fascismo é inimigo do sindicalismo... O fascismo quere un Estado forte e é o Estado o único que pode resolver as dramáticas contradicións do capitalismo.

Benito MUSSOLINI, fragmento dun discurso pronunciado en 1922.

- 13 Indica cales foron os principais ideais dos fascistas. Enumera as características máis destacadas dos sistemas fascistas.
- 14 Explica a orixe do fascismo italiano.
- 15 ¿Cal era o programa inicial dos *Fasci di Combattimento*? Escribe no teu caderno o que saibas sobre os *camisas negras*.
- 16 Indica os principais feitos da primeira etapa do goberno fascista.



Rosa Luxemburgo, dirixente do Partido Comunista alemán, nun mitin.



Combates en Berlín durante a revolución de xaneiro de 1919.



Mitin en Berlín contra o Tratado de Versalles.

6.1. Da revolución á Constitución de Weimar

En novembro de 1918, tras a dimisión dos xefes do exército, formouse un novo goberno en Alemaña. Nese momento estalou un motín de mariñeiros en Kiel, que pronto se estendeu por todo o país mediante a formación de Consellos revolucionarios, semellantes aos da Revolución rusa. Ante a situación creada, o **káiser abdicou** e constituíuse **un goberno provisional formado polos socialdemócratas** que asinou o armisticio cos países da Entente.

O goberno socialdemócrata conseguiu convencer ao movemento dos Consellos en decembro para que se disolvesen, tras convocar eleccións a unha Asemblea Constituínte.

Entón estalou a **revolución dos espartaquistas**, os comunistas alemáns, que se estendeu por varias cidades. O goberno utilizou ás *freikorps*, grupos armados de extrema dereita formados tras a desmilitarización. Os comunistas foron esnaquizados e os seus líderes, Karl Liebknecht e Rosa Luxemburgo, asasinados, pero o goberno socialista quedou a mercede dos grupos paramilitares e dos partidos máis conservadores.

Nese clima reuniuse a **Asemblea Constituínte**, que en xullo de 1919 aprobou en Weimar a **Constitución**, un texto que establecía en Alemaña unha república democrática e federal, aínda que mantendo amplos poderes para o Presidente, un aspecto que lembraba ao sistema imperial. O socialista Ebert foi elixido Presidente.

6.2. Os primeiros pasos da República

A República naceu sen demasiados apoios. Por un lado, era rexeitada polos nostálxicos do Imperio, que acusaban aos republicanos de ter dado «a puñalada nas costas», ao renderse ante o inimigo sen que Alemaña, segundo eles, fora derrotada. Entre os sectores máis conservadores a República era vista coma un réxime traidor, idea especialmente sentida no novo exército, o *Reichswehr*, e entre os oficiais e soldados desmobilizados que se encadraron nos *freikorps*, e que só esperaban a oportunidade para acabar co réxime democrático.

O movemento obreiro tamén acabou apartándose do réxime, sobre todo tras a revolución *espartaquista* e o esmagamento de posteriores movementos revolucionarios en Baviera, Saxonia e Berlín.

O goberno tivo que afrontar a aceptación do Tratado de Versalles, a desmilitarización e o inicio do pago das indemnizacións. Cun país arrasado, foi imposible reunir o diñeiro necesario para afrontar os primeiros prazos. Ademais, as perdas territoriais e a cláusula de responsabilidade pola guerra suscitaron o rexeitamento de todos os alemáns.

Entre 1920 e 1922 houbo varios intentos de golpe de Estado da extrema dereita, o máis importante o *putsch* (golpe) de Kapp en Berlín, que fracasou pola folga xeral dos sindicatos. Outros grupos reaccionarios optaron polo terrorismo: en 1922 foron asasinados varios dirixentes da República, entre eles o ministro de Asuntos Exteriores, Walter Rathenau.

6.3. A crise de 1923

Desde o final da guerra, a **inflación medrara** en Alemaña. A enorme débeda contraída e a obriga de pagar as indemnizacións levaron ao goberno alemán a emitir máis marcos, o que non fixo senón aumentar os prezos ao tempo que a moeda se devaluaba.

En xaneiro de 1923, ante o atraso no pago das indemnizacións, tropas francesas e belgas invadiron a conca do Ruhr. A resposta alemá foi o boicot e a resistencia pasiva, o que afundiú aínda máis a economía. Os prezos comezaron a medrar de xeito vertixinoso, ata alcanzar niveis altísimos no mes de outubro, cando o dólar se cambiaba por millóns de marcos.

O clima de pánico causado pola gran inflación levou a unha **vaga de folgas revolucionarias** nalgúns estados alemáns, mentres que en Baviera o recién fundado partido nazi, con Adolfo Hitler á cabeza, intentou un golpe de estado (**putsch de Múnic**) que fracasou e acabou co seu líder en prisión.

En novembro un novo goberno conseguiu estabilizar a situación, ao tempo que se detiña a resistencia pasiva. Emitiuse unha nova moeda, co fin de recuperar a confianza dos mercados. A finais de ano, a inflación ralentizárase, pero moitos alemáns perderan os seus aforros, e só algunhas empresas e propietarios se beneficiaran, ao ver eliminadas dun golpe as súas débedas.

6.4. Os anos da estabilidade

A partir da sinatura do Plan Dawes, en 1924, que alongaba os prazos de pago e permitía a concesión de créditos a Alemaña, a **situación económica comezou a mellorar**. Lentamente, recuperouse a produción e volveu a estabilidade monetaria.

Tamén mellorou a situación internacional da República. O **Tratado de Locarno** permitiu a aceptación do país nos organismos internacionais, e a súa entrada na Sociedade de Nacións. Tamén axudou a actitude do goberno francés presidido por Briand, partidario de distender as relacións con Alemaña, así como o traballo do ministro alemán de Asuntos Exteriores, Gustav Stresemann, auténtico líder do país naqueles anos.

Durante os anos que van de 1924 a 1930 sucedéronse varios gobernos, case sempre de concentración, ante as divisións que había no parlamento. Pero a República parecía irse asentando lentamente, conforme o país superaba as consecuencias da posguerra.



Nenos xogando con billetes de marcos caducados.

- 17 Indica as causas da...
Escribe no teu cadern...
a revolución dos espar...
- 18 ¿Como foi recibida en...
blica que estableceu a...
Weimar? ¿Por que foi rec...
- 19 ¿Que co...ncias tivo, e...
inva...a franc...
do...
- 20 ¿Q...
do...



Hitler e algúns dos seus seguidores no cárcere, tras o fracaso do *putsch* de 1923. O segundo pola dereita é Rudolf Hess, o seu lugartenente ata 1941.

A superioridade da raza aria

Se se dividise a Humanidade en tres categorías de homes: creadores, conservadores e destrutores de cultura, teríamos seguramente como representante do primeiro grupo só ao elemento ario. El estableceu os fundamentos e as columnas de todas as creacións humanas; unicamente a forma exterior e a cor dependen do carácter peculiar de cada pobo. [...].

A mestura de sangue e, por conseguinte, a decadencia racial son as únicas causas da desaparición de vellas culturas; pois, os pobos non morren por consecuencia de guerras perdidas senón debido á anulación daquela forza de resistencia que só é propia do sangue incontaminado [...]. A cultura humana e a civilización están inseparablemente ligadas á idea da existencia do home ario. A súa desaparición ou decadencia sumiría de novo ao globo terráqueo nas tebras dunha época de barbarie.

A. HITLER, *Mein Kampf* (A miña loita), 1924

3.1. As orixes

As orixes do nazismo atópanse nos anos posteriores á Primeira Guerra Mundial. Xurdiu no contexto de reacción que se xestou a raíz da capitulación de 1918, entre os sectores nacionalistas conservadores, os militares desmobilizados e frustrados pola humillación da derrota, e sectores de clase media que experimentaban medo ante o auxo do movemento obreiro e os intentos revolucionarios dos *espartaquistas* alemáns.

Unha parte dese movemento encadrouse nos grupos paramilitares, os *freikorps*. O resto organizouse a través de pequenos partidos que xurdiron por toda Alemaña. Nun deles, o **Partido Obreiro Alemán**, integrouse en 1919 **Adolf Hitler***, un veterano de guerra de orixe austríaca que pronto se fixo co control do partido, grazas á súa oratoria e á fascinación que produciu nalgúns dos seus compañeiros. En 1921 convertérase no líder indiscutible do partido, rebautizado como **Partido Nacional Socialista Obreiro Alemán (NSDAP)**, xa de clara ideoloxía ultranacionalista e racista.

3.2. O *putsch* de 1923

Cara a 1923, o partido contaba con cincuenta mil afiliados, así como coas súas propias forzas paramilitares, as SA. No mes de novembro, en medio do caos da crise financeira e a ocupación francesa do Ruhr, os *nazis* organizaron **un golpe de Estado en Múnic**, o *putsch da cervexería*, que foi frustrado pola intervención policial.

Hitler e algúns dos seus colaboradores foron condenados, aínda que o dirixente nazi apenas cumpriu un ano de prisión. Durante a súa estancia no cárcere escribiu *Mein Kampf*, libro no que desenvolven as súas teorías racistas e que se convertería nunha especie de manual ideolóxico do partido.

3.3. A ideoloxía nazi

O nazismo comparte varias características ideolóxicas co resto dos movementos fascistas, pero presenta tamén algúns aspectos específicos. Entre os máis destacados están:

- **O nacionalismo.** Os nazis reivindicaban o orgullo de ser alemán e a superioridade que atribuían á súa cultura. Denunciaban a humillación do Tratado de Versalles e propugnaban a expansión territorial, baseada na necesidade de incrementar o *espazo vital*, expresión coa que se referían aos territorios que, no leste, debían garantir o futuro da poboación aria.
- **O militarismo.** Os nazis incorporaron todos os elementos do militarismo alemán: os uniformes, o saúdo fascista, os desfiles,

así coma os valores asociados ao exército: a obediencia, a disciplina, o uso da violencia como medio lexítimo para conseguir os seus fins.

- **O totalitarismo.** O nacional-socialismo defendía a necesidade dun Estado autoritario, no que todo o poder se concentrara en mans da elite dirixente do partido, e no que quedaran limitados os dereitos do individuo, subordinado por completo á masa.
- **O rexeitamento do liberalismo e do socialismo.** Os nazis rexeitaban a democracia liberal, que asociaban á derrota na guerra, á «puñalada nas costas» do Tratado de Versalles e á República de Weimar. Tamén rexeitaban o socialismo e o comunismo, movementos que, segundo eles, eran estranxeiros, enganaban ás masas e lles impedían tomar conciencia como parte do pobo alemán.
- **O racismo.** O nacional-socialismo defendía a superioridade da raza aria e a necesidade de expulsar ou exterminar ás razas que os seus seguidores consideraban inferiores, entre elas de forma especial aos xudeus, desprezados e convertidos na raíz de todos os males de Alemaña.

3.4. O xiro á dereita e o ascenso do partido

O fracaso de 1923 fixo reflexionar a Hitler e aos dirixentes nazis. Renunciaron ao golpe como vía para alcanzar o poder, e dispuxéronse a competir nas eleccións.

En 1926 o partido modificou o seu programa. Ata entón incluía algunhas ideas esquerdistas, coma o ataque á propiedade privada e a crítica cara aos grandes consorcios industriais. O novo programa apostaba abertamente a favor do capital, e atacaba virulentamente ao socialismo, que identificaban co xudaísmo. Pronto, **Hitler comezou a recibir o apoio económico e político de grandes empresarios e banqueiros.**

Aínda así, o NSDAP obtivo moi poucos votos ao principio. Os seus métodos violentos e as súas ideas agresivas producían o rexeitamento da maioría dos alemáns. Foi **a crise de 1929 a que lles fixo medrar como partido.** Os discursos acesos dos seus dirixentes, cunha mestura de frases rotundas e de demagogia, e as súas chamadas ao patriotismo e ao orgullo nacional, cativaron a un electorado desesperado pola extensión da miseria e do paro, que alcanzou os seis millóns de persoas.

3.5. Hitler, chanceler

En 1932, xa cun millón de afiliados ao partido, Hitler presentouse ás eleccións presidenciais. Foi derrotado polo mariscal Hindenburg, aínda que obtivo máis de 13 millóns de votos. Mentres, unha serie de gobernos sucedíanse, sen apoios claros no parlamento, e sen ser capaces de facer fronte ás consecuencias da crise. Finalmente, **a finais de xaneiro de 1933, o presidente Hindenburg,** ante a presión dos sectores máis conservadores do país, **optou por nomear chanceler a Hitler,** que formou un goberno de coalición cos partidos conservadores.



Colas de parados en Hannover en 1932.

¿SABÍAS QUE...?

O partido nazi

- O NSDAP organizouse sobre a premisa de concentrar todo o poder en mans do *Führer* (xefe), cuxa vontade era lei para os seus seguidores. Ao seu arredor concentrouse unha serie de colaboradores: Rudolf Hess, secretario do partido, Ernst Rohm, xefe das SA, Joseph Goebbels, encargado da propaganda, e Heinrich Himmler, xefe das SS, a garda persoal de Hitler.
- O partido organizábase en distritos, á fronte dos cales se nomeaba un *Gauleiter*. Tiña o seu propio periódico, o *Völkischer Beobachter*, e unha rede de organizacións de base, entre elas as *Xuventudes Hitlerianas*. Adoptaron a bandeira coa cruz gamada, o saúdo brazo en alto e o berro *¡Heil Hitler!* Todos os membros do partido levaban, ademais, un uniforme de cor parda.
- Os actos do partido estaban coidadosamente preparados, e os militantes desfilaban organizados militarmente. Pero nas rúas destacaban polas accións de intimidación e os ataques violentos contra locais xudeus e contra grupos de esquerda.

ACTIVIDADES

- 9 ¿En que contexto xurdiu o nazismo? Enumera no teu caderno os principais aspectos da súa ideoloxía.
- 10 Explica o *putsch* de 1923. Por que crees que fracasou? Se o necesitas, busca información complementaria.
- 11 ¿Que cambios introduciu o programa do partido nazi en 1926? ¿Que significado tiña para os nazis?
- 12 Explica que factores e accións levaron o acceso de Hitler ao poder.